



# NOVAS PENZOL

Número 17 - decembro de 2017

## COLECCIÓN B DE DOCUMENTOS SOLTOS

A *Colección B de documentos soltos* forma parte do rico Arquivo Penzol. Foi adquirida polo propio Fermín Penzol en librerías de vello e a particulares.

O labor e o acerto de F. Penzol traballando para facer país dende a memoria merece todo recoñecemento. Di sobre isto, F. F. del Riego: “A súa afección polos libros, a súa inquietude polos problemas do país, a súa curiosidade polo pasado e o seu infatigábel galeguismo, son notas que, entre outras, definen a súa personalidade. E abunda R.

Piñeiro: “...sobra dicir que a bibliofilia de Fermín non respondía á paixón do coleccionismo, ao goce cobizoso da posesión. Naceu e forma parte do seu ideal galeguista”. E conclúe I. Díaz Pardo: “Cumpría con honestidade unha función que lle proporcionaba o pan de cada día e lle ía permitindo traballar por outra causa máis importante para el e para todos nós: formar e organizar a memoria de Galicia. Este traballo, recoller libros e documentos, anacos espaxados da nosa conciencia esnaquizada, constituiría o material necesario para a reconstrución da nosa memoria”.

Neste número 17 de Novas Penzol presentamos esta colección que nos permite coñecer mellor Galicia ao longo dos cincocentos anos que van de 1135 a 1650.

Agradezo a colaboración do persoal da Fundación Penzol na elaboración deste boletín.

Saúdos cordiais

Silvestre Gómez Xurxo

Responsábel de Novas Penzol



## **CARACTERÍSTICAS XERAIS**

A **COLECCIÓN B DE DOCUMENTOS SOLTOS** pertence ao Arquivo Penzol. Está formada por 287 documentos en pergameo, datados entre 1135 e 1650, sendo esta última unha data aproximada.

Os documentos, adquiridos por Fermín Penzol en librerías de vello e a particulares, son maioritariamente escrituras notarias privadas, mais tamén hai documentos de orixe pública.

Entre as materias que tratan, as vendas son as máis frecuentes. Tamén aparecen cartas de foro, sentenzas, doazóns, testamentos, etc., e algúns documentos de orixe pública como privilexios reais.

Xeograficamente, predominan os documentos realizados no territorio que se corresponde actualmente coa provincia da Coruña e o norte da de Pontevedra. A área máis representada é a de Compostela. Algúns documentos, como os privilexios reais, ou bulas papais, están elaborados fóra de Galicia.

As linguas usadas son latín, galego, castelán e portugués, sendo o galego o que aparece en máis documentos.

Os tipos de letras tamén son variados, como é lóxico, tendo en conta que o período da colección é duns cincocentos anos: a carolinxia, a gótica coas diversas variantes, a humanística, a procesual, etc.

Ademais dos aspectos sinalados, tamén se poden estudar datos sobre onomástica, antropolóxica e xeográfica, sobre os notarios e escribáns, os tipos de transacción de bens patrimoniais, etc.

Existe unha transcripción de 34 documentos da colección realizada por Carolina Pérez Aguilera.

Gregorio Casado González realizou en 2012 a descrición de 280 documentos da colección, os sete restantes non foron descritos debido ao seu grave deterioro. Os datos que damos neste boletín serán sobre os 280 descritos.

### **NOTA:**

Os documentos desta colección están rexistrados no Arquivo Penzol coa secuencia de signaturas:

PLA-04/001 a PLA-04/287.

## COLECCIÓN B DE DOCUMENTOS SOLTOS

### DATACIÓN


A datación dos documentos da colección vai de 1135, unha carta de privilexio do rei Afonso VII de León ao mosteiro de san Xoán de Caaveiro (Palencia, 1135-05-06), ata o 1600-1650, un índice das escrituras contidas nun tomo (Santiago de Compostela, 1600-1650). Hai un documento datado no século XVIII, mais trátase dunha copia simple dun documento anterior, un foro de 1548. (PLA-04/278).

Privilexio de Afonso VII de León ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro, da orde de San Agostiño, sendo prior dom Pedro, polo que amplía as lindes do seu couto, exime aos seus moradores de responder de fonsadera, facendera, caloña ou foro rexio, prohibe a outros señores ter vasallos dentro do mesmo, concédelle a supresión do portádego real e establece o pago da metade das súas posesións a aqueles habitantes do mesmo que o queiran abandonar. (PLA-04/001).

Índice das escrituras contidas nun tomo formado por 128 documentos. (PLA-04/286).



Privilexio de Afonso VII de León ao mosteiro de Caaveiro.  
1135. Letra de privilexios



Índice das escrituras contidas nun tomo.  
[1600-1650] . Letra humanística

Presentando a distribución por séculos, dámos o cadro seguinte:

SÉCULO	Nº DOCUMENTOS
XII	3
XIII	67
XIV	86
XV	40
XVI	71
XVII	3
	(nos restantes non figura data)

## MATERIAS

As materias presentes nos documentos da colección son variadas, como é lóxico ao tratarse de documentos soltos.

Case a metade dos documentos, 138, son escrituras de venda de bens, terras e casa, maiormente. Por exemplo:

Paio Pérez de Vilar da Torre vende a Xoán Eanes, ourive da rúa do Vilar, e á súa muller as herdades que ten na vila de Meimendre, freguesía de Santa Baia de Lañas, por quince libras pequenas en moeda do Rei don Fernando.

1304-03-02 . [Santiago de Compostela] (Sign.: PLA-04/077).

Pedro Peláez vende a Pedro Eanes a metade de dúas casas sitas na rúa de Bautizados, en Santiago de Compostela, por oitenta soldos alfonsíes.

1280-11-30 . [Santiago de Compostela]. (Sign.: PLA-04/050).

Tamén aparecen cartas de aforamento, arrendamentos, doazóns, privilexios reais, sentenzas de preitos, decisións arbitrais, acordos, trocos, partillas, peñoramentos, renunciacións, obrigacións, cartas de pago, testemuños, información de bens, fianzas, testamentos, toma de posesión de bens, desembargos, bulas papais, etc.

Algúns exemplos:

Marina Rodríguez, abadesa do mosteiro de San Salvador de Sobrado de Trives, afora en nome do mesmo a Xoán González e a súa muller e fillo o casal de Nogueira por unha renda anual do quinto do pan, viño e produtos do monte e dez soldos de directo, máis dez soldos en concepto de luctuosa.

Data: 1257. (Sign.: PLA-04/030).

Dona Tareixa, viúva de don Fernando Peláez de Betanzos, fae doazón a Lopo Peláez de Betanzos, cabaleiro, irmán de don Fernando, de todas as herdades que ten nas freguesías de Santa Baia de Touro, Santiago de Novedontes, Santa Ouxea de Salgueiros e Santa María de Ollares, e máis as herdades que poida atopar que lle pertencen en terra de Cornado e Ribadulla.

Data: 1310-12-04. (Sign.: PLA-04/083).

Sentenza da audiencia do arcebispo de Santiago de Compostela no preito mantido entre o mosteiro de Santa Clara de Santiago e Roi Vázquez, tendeiro, veciño na rúa do Campo de Santiago, sobre dúas cortiñas sitas no lugar de Fafián, freguesía de Santo Estevo de Trasmonte, pola que se dirime que o mosteiro é o posuidor das cortiñas.

Data: 1370-02-11 . Santiago de Compostela. (Sign.: PLA-04/103).

No tocante aos foros pode comprobarse que podía haber grandes diferenzas na súa duración e nas rendas.

Por exemplo:

Domingo Eanes afora a Rodrigo Pérez, en nome de Marina Pérez e Alfonso, a metade, e a Xoán Martínez a outra metade dun casal sito na freguesía de Santa Cristina de Marcelle, por un período de dez anos, cunha renda anual da metade do froito que produza e pagando por foro unha "taleyga" de trigo e outra de avea, dúas galiñas, trinta ovos e un porco, e con certas condicións.

Data: 1334-02-25 . Padrón. (Sign.: PLA-04/073).

O mosteiro de San Salvador de Sobrado afora a Domingo Martines e a súa muller e a outra persoa que eles nomeen antes da súa morte, un casal e herdade en Cova, coa renda do quinto e décimo de todas as novidades que produza anualmente e certos pagos pola festa de san Xoán e o entroido.

Data: 1344-02. (Sign.: PLA-04/121).

O mosteiro de Santa María de Monfero afora a Fernando Pérez de Andrade, escudeiro, e a súa muller Sancha Rodríguez, polas súas vidas, os casares de Penedo, Sieiro, Castelón, Morgade, Chorío, Valeixe

e outros, que os tiña ata entón Aras Pardo, cabaleiro, a cambio dunha renda anual de cento sesenta morabedís e coa condición de que se o matrimonio se separara o foro quedará nas mans de Sancha Rodríguez.

Data: 1362-09-24 . Mosteiro de Santa María de Monfero. (Sign.: PLA-04/131).

## LINGUAS

As linguas usadas nos documentos da colección son latín, galego, castelán e portugués, distribuíndose segundo o seguinte cadro:

LINGUA	Nº DOCUMENTOS
LATÍN	93
GALEGO	136
CASTELÁN	37
PORTUGUÉS	1
LATÍN + GAL	3
LATÍN + CAST	2
GAL + CAST	7
LAT + GAL + CAST	1

Nunha presentación simplificada por séculos e a lingua predominante en canda un deles, este é o resultado:

SÉCULOS	LINGUA PREDOMINANTE
XII e XIII	LATÍN
XIV e XV	GALEGO
XVI e XVII	CASTELÁN

Examinando os datos máis polo miúdo podemos establecer seis períodos que expresan con maior exactitude o proceso de aparición das distintas linguas nos documentos da colección:

1. 1135-1273: uso exclusivo do latín. Son 43 documentos.
2. 1274-1317: predominio do latín e entrada do galego. Son 31 documentos en latín, 13 en galego e 1 en latín e galego.

O primeiro documento desta colección en galego é unha carta de aforamento do mosteiro de san Pedro de Ramirás, datado no 1274:

O convento de Ramirás afora a Martiño Perez e Pedro Maiz, polo tempo das súas vidas, unha herdade que o mosteiro ten no lugar de Xeitadoiro, por unha renda anual do quinto de todo o froito que produza. (Sign.: PLA-04/044).


3. 1318-1488: uso case exclusivo do galego. Son 92 documentos en galego, 1 en latín, 1 en castelán, 1 en latín e galego, 1 en latín e castelán.

O primeiro documento da colección no que se usa o castelán é unha carta de privilexio do rei Xoán I de Castela ao mosteiro de san Paio de Antealtares. (Soria, 1380-09-20):


D. Xoán I, rei de Castela, confirma ao mosteiro de de San Paio de Antealtares as doazóns efectuadas polos seus antecesores. (Sign.: PLA-04/0145).

O primeiro documento elaborado en Galicia que usa o castelán é unha escritura de toma de posesión de bens realizada en Ferrol (1575-08-05):

Xoán de Paz, en nome e como procurador de Xoán Yáñez de Leiro, toma posesión da viña de So Canido, na freguesía de San Xulián de Ferrol. (Sign.: PLA-04/186).



Primeiro documento da colección en galego. Foro do mosteiro de Ramirás de 1274. Letra gótica.



Primeiro documento da colección en castelán. Privilexio de Xoán I de Castela ao convento de San Paio de Antealtares. 1380. Letra gótica documental.

4. 1490-1518: predominio do galego e uso progresivo do castelán.

5. 1520-1550: predominio do castelán.

A este período, ano 1540, pertence o último documento da colección en galego:

Testamento de Afonso de Orellán, veciño de Santo Estevo de Queiruga, no que lega os seus bens a Paíño, fillo da súa primeira muller, María de Traz, e a súa muller María Seoane e fillas Maricas e Clariña, nomeando como albacea a Xoán García de Goltar, seu irmán, a quen tamén nomea curador das súas fillas e fillo.

Data: 1540-10-24 . Goltar (Santo Estevo de Queiruga, Porto do Son). (Sign.: PLA-04/254).


- 1554-1600: predomina o latín, porque a maioría dos documentos dese período son cartas de pago emitidas en Roma. Por exemplo (Roma, 1554-10-30):

Carta de pago ou quitanza dada ao mosteiro de Santa María de Monfero polo pago do quindenio. (Sign.: PLA-04/267).


## LETRAS

Os documentos desta colección son todos, por suposto, orixinais manuscritos nas distintas formas caligráficas que se usaron en Europa durante ese período.


Os tipos de letra fundamentais que aparecen son a letra de privilexios, carolinxia, gótica, cortesá, procesual e humanística. Mais presentan diversas variantes como a carolinxia final, a gótica documental, gótica de albalaes, gótica cursiva e gótica final, e a precortesá. Tamén aparecen caligrafías híbridas.



Documento de venda de 1448. Letra gótica final. (Sign.: PLA-04/178).



Documento de venda de 1437. Letra cortesá. (Sign.: PLA-04/174).



Carta de pago de 1506. Letra procesual

## A MOEDA E AS MEDIDAS

Ao tratarse a maioría dos documentos de vendas, foros, arrendamentos, etc., aparecen referidas as distintas unidades de moeda que se utilizan, segundo o momento, e tamén a medidas de capacidade, usadas para os grans e o viño.

As moedas que aparecen referidas de maneira sucesiva son as seguintes: soldo, soldo leonés, marco de prata, libra leonesa, soldo alfonsí, soldo alfonsí de prata, libra alfonsí, marabedí, marabedí alfonsí, libra do rei don Fernando, libra pequena do rei don Fernando, soldo pequeno, libra pequena do rei Afonso, marabedí de oito soldos o marabedí, barbuda, morabedí, morabedí de moeda vella, real de prata, branca vella, pares de brancas, morabedí vello de dez cornados o morabedí, diñeiros, ducados de ouro.

Algúns exemplos:

Martiño Pérez vende a Díaz Cresconio e María Pérez a herdade que ten en Vilanova, freguesía de San Martiño de Oroso, por nove libras e dous soldos de moeda rexia.

Data: 1214-12-12 . [Santiago de Compostela]. (Sign.: PLA-04/008).

Maior González de Midin vende ao seu fillo Fernando Becerra de Ceree a cuarta parte do couto de Carreira, salvo un casal en Vilaestévez, por dez mil morabedís de oito soldos o morabedí.

Data: 1349-05-07. (Sign.: PLA-04/115).

Roy García de Noceda, escudeiro, vende a Roy Pérez de Mallo, parte dunha herdade sita nas freguesías de San Paio de Mallos e Santa María de Teo por cento cincuenta barbudas.

Data: 1374-03-25. (Sign.: PLA-04/140).

Xoán e Gonzalo da Hermida, irmáns, veciños de Santo Estevo de Lagartóns, venden a Fernando e Pedro Carbón, veciños de Santa María de Aguións, por metade, a parte que teñen nas casas e herdades do lugar de Preguecido, na parroquia de Aguións, por dous ducados de ouro.

Data: 1515-03-07 / Figueiroa (San Paio de Figueiroa). (Sign.: PLA-04/221).

Nas cartas de aforamento e nos arrendos, os pagamentos fanse xeralmente en especie, establecendo unha parte porcentual dos froitos da colleita anual ou unhas cantidades fixas. Para facelo úsanse as medidas tradicionais, e como varían por zonas, pódese establecer unha zona de referencia.

Algunhas das medidas que aparecen nos documentos da colección son: fanega, taleiga, celemín, rapada, toledán de pan, cántara, carga de viño ou pan. No caso do pan adóitase establecer a porcentaxe na mestura da fariña.

Algúns exemplos:

Alfonso Pérez e Tareixa Rodríguez arrendan a Domingo de Beán e a súa muller, María Lourenzo, por prazo de dez anos o casal e herdade de Bálsona, proveéndoo de certos bens, a cambio do pago anual da metade de todo o que o casal produza, o foro por día de San Miguel e outros dous pagos en especie, por nadal e por pascua.

Data: 1340-04-10. [Santiago de Compostela]. (Sign.: PLA-04/111).



O mosteiro de Santa Clara de Santiago afora por dezanove anos a Alfonso Martínez e a súa muller Maior Fernández, veciños de Lamas, freguesía de San Pedro de Carcacia, as herdades, casas, etc., que lle pertencen por dona Beatriz no lugar de Lamas, nas veigas de Padrón chamadas de Fondo de Vila e na freguesía de Santa María de Iria, por unha renda anual de tres fanegas de pan e dúas lampreas. Data: 1373-10-26 . [Santiago de Compostela]. (Sign.: PLA-04/139).

O mosteiro de Santa Clara de Santiago de Compostela afora a Alonso Fernández, veciño de Santa Mariña de Ribasar, e a Xoán Fernández, seu neto, polas súas vidas e dúas voces máis os casais de Viladoíso e Babenzo, na freguesía de San Xulián de Bastavales, por renda anual de dúas rapadas de centeo pola medida da cidade de Santiago, con condición de que lle entregue ao mosteiro unha información pública sobre os bens afectos ao dito lugar nun prazo de dous anos. Data: 1523-12-31 . Mosteiro de Santa Clara de Santiago de Compostela. (Sign.: PLA-04/228).

Fernando da Hermida, veciño de San Martiño de Calobre, vende a Gómez Rodríguez, cóengo da Igrexa de Santiago, todas as propiedades que ten na aldea de Cebados, freguesía de Santa María de Aguións, por trinta ducados de ouro, con condición de que paguen unha renda de dous celemins de pan cada ano á igrexa de Santa María de Aguións e tres toledáns anuais de pan á filla de Gregorio da Vila, para sempre. Data: 1529-06-02. Santiago de Compostela. (Sign.: PLA-04/241).

## OS SUXEITOS DAS ESCRITURAS

Sendo a maioría dos documentos escrituras notariais privadas, os suxeitos son persoas que actúan no seu propio nome. Nos documentos de compravenda, adoita ser unha única persoa, home ou muller indistintamente, a que vende bens herdados, que son mercados, as máis das veces, por un matrimonio, figurando os dous nomes.

Noutros casos as persoas actúan en razón do seu cargos, por exemplo, abade ou abadesa, alcalde, etc. Algúns exemplos:

María Eanes, viúva de Martiño Domínguez das Eiras, e o seu fillo Xoán Martínez, venden a Xoán Miguélez, tendeiro, e a súa muller Dominga Martínez, unha parte da vila de Outeiro de Moldes, freguesía de Santa Comba de Cordeiro, por nove libras. Data: 1315-02-19 . [Padrón]. (Sign.: PLA-04/087).

García Rodríguez de Mallo, fillo de Rodrigo Martínez de Mallo e Elvira González de Beirón, vende a Estevo Núñez de Isorna, cabaleiro, e a súa muller Orraca Núñez a herdade de viña que ten na vila de Outeiro Donego, e máis a cuarta parte de certas herdades que ten na vila de Barral de Çima, nas freguesías de Santa Comba de Rianxo e Santa María de Asados, por cincuenta libras do rei don Alfonso. Data: 1346-01-31. (Sign.: PLA-04/122).

María García, abadesa do mosteiro de Santa "Taasia" arrenda en nome do mosteiro a Paio Marino e dona Sancha Vázquez por dezanove anos todos os herdamentos e casas que ten na vila de Fornís, en Santa María de Coiro, por unha renda anual de dúas fanegas de trigo. Data: 1371-09-05. (Sign.: PLA-04/138).

A identificación das persoas nas escrituras faise comunmente con nome e un apelido, pois aínda non se usaban dous apelidos nin existían números de identificación. Tendo en conta que a variedade de nomes e apelidos que aparece é moi limitada, para evitar coincidencias era común engadir outros datos de identificación como o lugar de residencia, o oficio ou profesión e, incluso, o sobrenome ou o alcume. Algúns exemplos:

O mosteiro de San Xoán de Caaveiro vende a Rodrigo Pérez, cabaleiro, chamado Malfeitor, unha herdade sita na vila de Serantes, en terra de Trasancos, por douscentos trinta soldos. Data: 1256 . Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. (Sign.: PLA-04/025).

Xián Martínez, chamado de Tudela, vende a Pedro Vidal unha herdade no campo da Pena, en Santiago de Compostela, ubicada entre outra do mosteiro de San Martiño de Fóra e outras de Martiño Eanes, chamado Caldogroso, e do mestre Salvador, cóengo compostelán, por douscentos soldos leoneses.

Data: 1258-08-2 . [Santiago de Compostela]. (Sign.: PLA-04/033).

Afonso Eanes, forneiro, e a súa muller María Pérez, moradores en Marazelos, alugan de Xoán Pérez Montesino, da rúa do Vilar, un quiñón que o mosteiro de Santa Clara ten no forno da Carreira sito na rúa do Vilar, por espacio de tres anos e unha renda diaria de cinco soldos pequenos.

Data: 1323-10-19 . [Santiago de Compostela]. (Sign.: PLA-04/096).

En moitos casos refórzase a identificación co nome do pai, vendo entón como o apelido do fillo ou filla se forma partindo do nome do pai. Por exemplo:

Marina Estéfani, filla de Estéfano Eanes de Castro, vende a Xoán Xacobe e a súa muller Sancha Eanes a cuarta parte da herdade da voz dos Telos que ten en vila de Castro, freguesía de San Fins de Freixeiro, por doce libras pequenas.

Data: 1323-07-25 . [Santiago de Compostela]. (Sign.: PLA-04/095).

Dominga González, filla de Gonzalo de Veriins, veciño que foi da freguesía de Santa María de Figueira, presente seu marido Martiño Eanes, vende a Xoán de San Lourenzo, xastre, e a súa muller María Afonso todos os herdamentos, casas, etc., que ten polo seu pai en Breenlla, Couso e Aguiar, na freguesía de San Miguel de Couso, por trinta e catro morabedís.

Data: 1382-09-29 . [Santiago de Compostela]. (Sign.: PLA-04/148).

Inés Fernández, filla de Fernán Martínez de Todela, e o seu marido Fernán Monteiro, doan a Xoán Martínez e a súa muller Maior Martínez unha casa sita na freguesía de San Miguel de Santiago.

Data: [1401]-03-16 . [Pontevedra]. (Sign.: PLA-04/160).

Outros datos que podemos obter destes documentos son os referentes á onomástica. Por exemplo, os nomes máis frecuentes de muller son Maior, Marina, María, Dominga, Tareixa... Para homes os nomes que máis se repiten son Martiño, Xoán, Paio, Rodrigo, García... Algúns dos apelidos máis frecuentes son Pérez, González, Díaz, Eanes, Martínez, Sánchez, Fernández...

## **TRABALLOS E PUBLICACIÓNS SOBRE A COLECCIÓN B DE DOCUMENTOS SOLTOS**

- *Ordenación cronolóxica de los pergaminos existentes en la Fundación Penzol*, traballo realizado por José Manuel Souto González en 1980 cun pequeno catálogo onde se recollen 22 documentos.
- *Fondos sueltos en pergamino, de los siglos XII-XV, de la Biblioteca Penzol*, catálogo elaborado por M<sup>a</sup> Amelia Cibeira Badía coa descrición de 172 documentos e índices de notarios e toponímico. Curso 1986-1987.
- Fernández Bernárdez, María: *Edición de textos medievais do patrimonio documental da Fundación Penzol de Vigo: Estudo da formulación notarial na tipoloxía da transacción de patrimonio*. [Universidade de Vigo. Facultade de Filoloxía e tradución. IV Programa de Doutoramento Filoloxía Galega e Identidade Cultural. Ano académico 2004-2005]. Inédito.

Os documentos orixinais desta colección poden consultarse na Fundación Penzol. A súa descrición está dispoñíbel en [http://hoxe.vigo.org/movemonos/m\\_penzol.php?lang=gal#/](http://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#/).

NOTA: As imaxes de varios documentos que presentamos neste boletín non son completas. A copia dixital de toda a colección pode consultarse en: Galiciana. Arquivo dixital de Galicia.